



Concello de Gondomar

BASES PARA A ELABORACIÓN DE ALFOMBRAS FLORAIS NO CONCELLO DE GONDOMAR 2024

1. OBXECTO

O Concello de Gondomar ten unha gran tradición na confección das *Alfombras Florais* con máis de 70 anos de historia.

Unha tradición que ano a ano anima a máis xente a participar na elaboración e confección das alfombras, sendo cada vez máis os e as visitantes que se achegan a Gondomar a contemplar, na festividade de “Corpus Christi”, os tapices florais elaborados por distintas asociacións, que despois de meses de esfolle e moitas horas de traballo, expoñen as súas creacións que convértense en verdadeiras obras de arte.

É por todo iso que o Concello de Gondomar, no marco de apostar polas nosas tradicións e conservar a nosa cultura, convoca ás axudas para as Asociacións ou Entidades sen ánimo de lucro, interesadas na participación da confección das *Alfombras Florais* do Corpus do Concello de Gondomar 2024.

Estas bases establécense coa finalidade de regular o proceso de organización e realización das *Alfombras Florais* do Concello de Gondomar, garantindo a igualdade entre todos e todas as participantes, que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude de participación.

2. DATAS, HORARIOS E UBICACIÓNS

A confección das *Alfombras Florais* en Gondomar levarase a cabo na tarde-noite do sábado **1 ao domingo 2 de xuño** de 2024.

Ás 17:30 horas procederase ao **corte de tráfico rodado** nas rúas que contén con elaboración de *Alfombras Florais*.

A partir das **18:00h** pode dar comezo o pintado do **deseño** das *Alfombras Florais*.

A elaboración das tradicionais *Alfombras de Corpus* contará coas seguintes localizacións:

- Escalinata acceso á Igrexa San Bieito.
- Entrada Igrexa San Bieito.
- Rúa Subida a Igrexa San Bieito (Fachada Forno Rosquillas Cristaleiro *)
- Rúa Manuel Losada:





Concello de Gondomar

- o Manuel Losada A : Paso Peóns Rosquillas Cristaleiro ata acceso Hotel Cristaleiro *
- o Manuel Losada B : Fachada Alimentación Alameda ata Xoguetería Máis que Xoguetes *
- o Manuel Losada C: Esquina Calzados Nuñez ata Xoguetería Mais que xoguetes*
- Rúa Eduardo Iglesias (Calzados Nuñez ata paso de peós ONCE)
- Zona Cruce de Avd. Elduayen, Rúa Eduardo Iglesias e Rúa Ángel Urzáiz: Fachada Farmacia Villoch *
- Rúa Ángel Urzáiz (**rúa peonil**) Opticalia - Fachada Abanca
- Praza Paradela
- Rúa Párroco Mariño: (**rúa peonil**)
 - o Párroco Mariño A: fachada Librería Plaza *
 - o Párroco Mariño B: fachada Coser e crear - Calzados Parada *
 - o Párroco Mariño C: Fachada Bar Gondomar *

(*)aproximadamente.

Algunhas das localizacións poderán ser modificadas segundo o avance das obras da Praza Manuel Alonso (Alameda).

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

A participación está aberta a todas as Asociacións Veciñais, Culturais, Xuvenís, Deportivas, Clubs, Entidades, etc. do Concello de Gondomar que se atopen legalmente constituídas e que non acaden fin lucrativo coa actividade a realizar.

A participación implica a aceptación destas bases.

Establécese un mínimo do 70% de flor como material para realizar a alfombra, podendo completar o resto con materiais distintos, que obrigatoriamente deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Os materiais non deberán supoñer risco para o paso das persoas por encima da alfombra.
- Os materiais non deben ser esvaradíos.
- Só se poderán empregar material biodegradables.
- Deberase evitar o uso de pinturas que poidan afectar ao estado e conservación do pavimento onde se realiza a alfombra.

Todos/as os/as participantes deberán marcar a **zona de preferencia** para a realización da súa alfombra.





Concello de Gondomar

Só poderá realizarse unha alfombra por asociación.

No caso de que algunha localización quedase deserta, a realización da alfombra poderá ser outorgada mediante sorteo aos/ás participantes para que ocupen o espazo cos materiais sobrantes, cun deseño libre e sen medidas mínimas.

Calquera dúbida ao respecto será resolta no seguinte conta de correo electrónica:

Alcaldia@concellodegondomar.gal ou nos teléfonos 986.38.40.20/658.540.991 de luns a venres de 8:00 a 15:00h.

4. DOCUMENTACIÓN

Poderán presentar a solicitude de inscrición todas aquelas Asociacións, Entidades, Clubs, etc. do Concello de Gondomar que reúnan os requisitos e que aporten a seguinte documentación:

- **ANEXO I** de inscrición debidamente cuberto e asinado.
- **DNI** do representante legal da entidade
- **CIF** da Entidade
- **Declaración Xurada** de non perseguir coa actividade ningunha finalidade lucrativa.
- **Certificado** actualizado de titularidade da **conta bancaria**.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As inscricións para participar na elaboración das *Alfombras Florais* do Concello de Gondomar 2024, farase mediante presentación de solicitude nas oficinas de Rexistro Xeral (de luns a venres de 8:00 a 14:00h) ou mediante Sede Electrónica (obrigatorio para as Asociacións ou Agrupacións rexistradas) cubrindo o ANEXO I de inscrición que se achega con estas bases.

O prazo de presentación das solicitudes comezará a contar ao día seguinte da publicación destas bases na páxina web municipal e rematará o **16 de maio** ás 23:59h.

As presentes bases, unha vez aprobadas, serán publicadas na páxina web do Concello de Gondomar concellodegondomar.gal e na sede electrónica onde se poderá descargar a documentación necesaria para realizar a inscrición.





Concello de Gondomar

6. MEDIDAS DAS ALFOMBRAS E COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS

O Concello de Gondomar destinará unha partida económica de 8.000€ para a elaboración das alfombras florais.

Este crédito será repartido entre as asociacións participantes, sendo a contía máxima de axuda por participante de 800€.

O Concello de Gondomar establece dúas medidas de alfombras en función das rúas onde se realicen:

- **Alfombras nas rúas peonís:** cunhas medidas máximas de **2,50 m de ancho x 30 m** de longo.
- **Alfombra no resto de rúas:** cunhas medidas máximas de **3,50 m de ancho x 30 m** de longo.

7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- O Concello de Gondomar facilitará todos os medios de seguridade necesarios (vallas, conos, cintas, cordas...) para delimitar as zonas de traballo.
- O Concello de Gondomar repartirá entre os participantes bonos. Estes bonos serán trocados por bebidas quentes na noite da elaboración das *Alfombras Florais*.
- O Concello de Gondomar instalará puntos de luz nas rúas onde se realicen as *Alfombras Florais*.
- O Concello de Gondomar notificará por escrito, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o espazo outorgado para a elaboración das *Alfombras Florais* a cada organización.
- Os participantes deberán traer cables de corrente para fornecerse dos puntos de luz.
- As asociacións participantes comprométese a notificar por escrito a non participación ou renuncia (de ser o caso) na elaboración das *Alfombras Florais* antes do 16 de maio.
- As persoas participantes deberán ter un comportamento axeitado e respectar o traballo dos demais compañeiros.
- O espazo de elaboración das Alfombras Florais deberá quedar perfectamente limpo e recollido de residuos unha vez finalizado o traballo.
- Os participantes comprométese a acatar integramente o establecido nestas bases e quedarán suxeitos ás modificacións





Concello de Gondomar

que a organización considere sen que isto supoña compensación económica aos mesmos.

- Os participantes comprométense a entregar toda a documentación requirida nestas bases.
- O Anexo de inscrición non poderá ser modificado unha vez presentado.
- As *Alfombras Florais* deberán estar rematadas para antes do comezo da misa o domingo día 2 de xuño.
- **A da solicitude de participación será o documento que xustifique o pago da compensación económica ás asociacións participantes.**
- **Non será necesario presentar factura nin incluír a actividade nas subvencións anuais para recibir a compensación económica.**
- No caso de que una mesma localización sexa solicitada por 2 ou máis asociacións / entidades, establecerase a orde de preferencia segundo data de presentación no rexistro xeral da solicitude de participación.
- No caso de que se rexistren máis solicitudes que os espazos dispoñibles, a orde de preferencia será segundo data de presentación no rexistro xeral da solicitude de presentación.

